

Praza número: 22/9007
Categoría: Axudante Doutor/a
Área de coñecemento: Educación Física e Deportiva
Departamento: Educación Física e Deportiva
Docencia: 620G01020 Habilidades de Loita e a súa Didáctica
Centro: Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física

Número de prazas: 1
Dedicación: Completa

ACTA CONSTITUCIÓN COMISION: PRAZA 22/9007

Categoría: Axudante Doutor/a
Dedicación: Tempo Completo
Área de coñecemento: Educación Física e Deportiva
Departamento: Educación Física e Deportiva
Docencia: 620G01020 Habilidades de Loita e a súa Didáctica

En Oleiros, ás 17:00 horas do día 6 de febreiro de 2024, e para cumprir os requisitos a que alude o art. 17.2. da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, así como o que establece o punto 7.4. da Normativa pola que se regula o procedemento para a selección de persoal docente e investigador interino e laboral contratado, aprobada por acordo do Consello de Goberno do 30 de abril de 2014, constitúese a comisión que vai xulgar o concurso que arriba se indica, coa asistencia dos seguintes membros, que manifestan que non están incurso en ningunha das causas de abstención ou en posibles conflitos de intereses previstas no artigo 32.4 do Real Decreto 678/2023, de 18 de xullo, polo que se regula a careditación estatal para o acceso a prazas de ditos corpos:

González Valeiro, Miguel Ángel	Prof. Titular de Universidade	245	Presidente	
Torres Tobio, Gabriel	Prof. Titular de Universidade	245	Secretario	
Valverde Romera, Joaquina	Prof. Titular de Universidade	245	Vogal 1.º	
Del Castillo Obeso, María	Prof. Titular de Universidade	245	Vogal 2.º	
Morenilla Burló Luis	Profesora do INEF de Galicia	245	Vogal 3.º	
Agrasar Cruz, Carlos	Prof. Titular de Universidade	027	Representante	dos
	traballadores			

ACTA DETERMINACION DE CRITERIOS DE AVALIACIÓN DA PRAZA 22/9006

Tras constituírse a comisión que vai xulgar o concurso de méritos para a provisión da praza que consta das seguintes características:

Categoría: Axudante Doutor/a
Dedicación: Tempo Completo
Área de coñecemento: Educación Física e Deportiva
Departamento: Educación Física e Deportiva
Docencia: 620G01020 Habilidades de Loita e a súa Didáctica

Establécense os criterios de avaliación dos méritos dos concursantes e publícanse, de acordo co disposto no punto 7.5 da Normativa pola que se regula o procedemento para a selección de persoal docente e investigador interino e laboral contratado, que se aprobou por acordo do Consello de Goberno do 30 de abril de 2014.

Estes criterios son:

1. A comisión acorda aplicar o baremo contido na devandita Normativa

2. A comisión valorará cada un dos méritos en función da súa adecuación á definición da praza convocada, atendendo ao indicado no punto 2.1 da mencionada normativa, que textualmente dí:

"2.1. A convocatoria do concurso definirá a praza polo nome da súa área de coñecemento, indicando o departamento a que corresponde. Así mesmo, especificará a/s titulación/s necesaria/s, de ser o caso, e as actividades docentes que realizará quen obtiver a praza, referidas, se é o caso, a unha ou varias materias das que se cursen para a obtención de títulos oficiais. Esta docencia non será vinculante para o encargo docente posterior."

3. Para o cumprimento, mantense as ponderacións de cada un dos bloques tal cal están publicados na devandita normativa:

I. Formación académica de grado	15%
II. Formación académica de Posgrao	15%
III. Experiencia docente	35%
IV. Producción investigadora	15%
V. Experiencia investigadora	15%
VI: Experiencia profesional	5%

E, en virtude da convocatoria que refire especificamente a docencia e atendendo ao artigo 2.1 da normativa citado con anterioridade, decídese realizar una concreción maior nas ponderacións nos diferentes bloques, para cumprir taxativamente coa adecuada valoración da praza. As concrecións referidas son as seguintes, considerando que o que non apareza nas concrecións, levarán a puntuación/ponderación establecida na normativa:

- Nos **Bloques I e II** (Formación académica de grado e Formación académica de posgrado), en todos os seus puntos, aplicarase o que explicita a Normativa.

Cando a Normativa o esixa ou permita, así se obterán as puntuacións:

- A cualificación media do mestrado universitario ou o programa de doutoramento, multiplicarase ata por 2 se é do área de Educación Física e Deportiva que define a praza, e por 1 se pertence a outras áreas.
 - A cualificación obtida na defensa da tese multiplicarase ata por 2,5 se é da área de Educación Física e Deportiva e por 1 se pertence a outras áreas diferentes.
 - Outros cursos de posgrao universitarios relevantes para a praza puntuaranse 0,03 puntos por cada 10 horas se é da área de Educación Física e Deportiva que define a praza, e non se considerarán se son doutra área diferente.
 - O coñecemento da lingua propia de Galicia: até 3 puntos, dependendo do nivel que acredite: CELGA 5 (3 puntos), CELGA 4 (2,5 puntos), CELGA 3 (2 puntos), CELGA 2 (1,5 puntos), CELGA 1 (1 punto).
- No **Bloque III**. (Experiencia Docente), en todos os seus puntos aplicarase o que determina a Normativa mencionada e toda a legislación aplicable.

Praza número: 22/9007
Categoría: Axudante Doutor/a
Área de coñecemento: Educación Física e Deportiva
Departamento: Educación Física e Deportiva
Docencia: 620G01020 Habilidades de Loita e a súa Didáctica
Centro: Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física

Número de prazas: 1
Dedicación: Completa

Cando sexa necesario as puntuacións dos apartados III.1 ao III.5 multiplicaránse polo coeficiente que gradúa a relación coa área que define o posto e a actividade docente sinalado na convocatoria en aplicación do punto 2.1. da Normativa de la UDC:

- a. Cando se axusten de xeito completo a caracterización docente da definición da praza (este vinculado coa materia da acXvidade docente referida en dita definición): x1
- b. Cando sexan da área pero sen vinculación coa caracterización docente da definición da praza (sen coincidencia/relación directa coa acXvidade docente referida en dita definición): x0,2
- c. No resto de casos: x0,01

Cando sexa necesario no apartado III.7 de outros méritos docentes, as puntuacións serán as establecidas na Normativa e, como establece a mesma, ademais aplicaráselle a os aspectos curriculares de valoración, atendendo aos requerimentos aportados e certificacións estabrecidos para esta tipoloxía de méritos:

- a. III.7.1. Docencia regrada noutras institucións universitarias e materias/seminarios de libre elección non incluídas no plan de estudos: 0,001 puntos por hora
 - b. III.7.2. Dirección de Diploma de Estudos Avanzados (DEA), de teses de licenciatura, e de prácticums: 0,50 puntos por dirección c.u.; 0,25 puntos por codirección cada un.
 - c. III.7.3. Participación en proxectos de innovación docente: 0,50 puntos cada un.
 - d. III.7.4. Pertenencia a grupos departamentais de calidade: 0,50 puntos cada un.
 - e. II.7.5. Docencia no contexto de formación de formadores non universitarios relacionados coa definición da praza: 0,005 puntos por hora de docencia.
 - f. III.7.6 Membro de tribunal de TFG/TFM: 0,05 cada un.
- No **Bloque IV** (Producción investigadora), en todos os seus puntos, aplicarase o que determina a Normativa.

Cando sexa necesario terase en conta a relación coa area da praza, a súa relevancia, a calidade científica e a súa aportación ao coñecemento científico da área da praza; as puntuacións serán as determinadas na Normativa, e primaranse os méritos vinculados directamente coa área, con indicadores de calidade (congresos internacionais, revistas JCR, primeiro cuartil, etc), cun número limitado de autores e cunha posición prioritaria na autoría. Así mesmo, valoraranse de maneira preferente aqueles méritos que acheguen/xeneren resultados orixinais:

- a. Contribucións presentadas en congresos, conferencias, comunicacións orales, etc., as puntuacións serán as establecidas en a Normativa e, como establece a mesma, ademais aplicaráselle un rango de coeficientes plantexados no apartado correspondente do Anexo I da Normativa pola que se regula o procedemento para a selección de persoal docente e investigador interino e laboral contratado da UDC, co que se terán en conta a afinidade coa área da praza, o número de autores/as, a posición que ocupe o/a aspirante entre eles/as, o carácter orixinal ou non da contribución e a procedencia dos datos (xerados polos investigadores -propios- ou obtidos de fontes xa existentes -alleos-)

Coeficiente modulador (0-1,5) = $A * [(0,5/n^{\circ} \text{ autores/as}) + (0,5/\text{posición do/a candidato/a}) + (0,25 \text{ orixinal; } 0,125 \text{ revisión, } 0 \text{ si non aplica}) + (0,25 \text{ se xenera datos propios; } 0,125 \text{ se usa datos alleos existentes; } 0 \text{ se non aplica})]$

*A: da área, 1; afín á área, 0,125; sen afinidade, 0,01.

- b. Artigos de investigación en revistas periódicas, as puntuacións serán as establecidas na Normativa e, como establece a mesma, ademais aplicaráselle a cada artigo original un coeficiente multiplicador entre 0 e 3 segundo a súa relación coa área (inclusión da revista na área de "Sports Sciences" propia da Área da praza nas bases de datos -JCR, etc.-), o número de autores/as, a posición que ocupe o/a aspirante entre eles/as, o carácter orixinal ou non da contribución e a procedencia dos datos (xerados polos investigadores -propios- ou obtidos de fontes xa existentes -alleos-).

Coeficiente multiplicador (0-3) = $A * [(0,6/\text{cuartil da publicación} + (0,6/n^{\circ} \text{ autores/as}) + (0,5/\text{posición do/a candidato/a}) + (0,6 \text{ orixinal; } 0,25 \text{ revisión; } 0 \text{ si non aplica}) + (0,6 \text{ se xenera datos propios; } 0,25 \text{ se usa datos alleos existentes; } 0 \text{ se non aplica})]$.

*A: se a publicación está incluída na área de "Sports Sciences" das bases de datos, 1; se non está incluída, 0,1.

- c. Libros, capítulos de libros, traducións, etc. relacionados coa área, as puntuacións serán as establecidas na Normativa e, como establece a mesma, a cada mérito aplicaráselle o seguinte cálculo:

- 25% pola atendendo á satisfacción dos requerimentos prantexados na norma para esta categoría de documentos.
- 25% segundo o número de citas (< 10, x 0,1; 10 < 20, x 0,2; 20 < 30, x 0,3; 30 < 40, x 0,4; 40 < 50, x 0,5; 50 < 60, x 0,6; 60 < 70, x 0,7; 70 < 80, x 0,8; 80 < 90, x 0,9; > 90, x 1)
- 20% visibilidade: en catálogos de universidades, x 0,5; en catálogos de bibliotecas internacionais, x 1
- 15% tradución a outro idioma: un idioma, x 0,5; a dous ou mais idiomas, x 1.
- 15% recensións: unha recensión, x 0,5; dúas ou mais recensións, x 1.

- Nos **Bloques V e VI**, en todos os seus puntos, aplicarase o que explicita a lexislación e normativa aplicable.

No apartado V.4.1, a pertenza a área aplicará un coeficiente multiplicador de 1 punto e se non presenta relación de 0,1.

En Bastiagueiro (Oleiros) a 6 de febreiro de 2024

Asdo.- O Presidente
Miguel González Valeiro

Asdo.- O Secretario
Gabriel Torres Tobio